

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL QUE XULGARA OS ASPIRANTES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN/HA INFORMADOR/A TURÍSTICO/A PARA A ATENCIÓN DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE, CONVOCATORIA 2021, PREVIA SELECCIÓN REALIZADA POLA OFICINA DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE CARBALLO

Na Casa do Concello de Laxe (A Coruña), sendo as 08:00 horas do día 27 de xullo de 2021, reúnense as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o Tribunal que xulgará ós aspirantes para a provisión como persoal laboral temporal, na modalidade de “obra ou servizo determinado” dun/ha informador/a turístico/a para a atención das oficinas municipais de información turística do Concello de Laxe, previa preselección realizada polo Servizo Público de Emprego, oficina de Emprego de Carballo, oferta de emprego núm.: 12-2021-6426.

O tribunal está integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTA: Isabel María Castro Añón, administrativa de contabilidade deste concello
VOGAIS:

José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello

José Manuel Esmorís Gómez, bibliotecario-arquiveiro deste concello

Julio Torreira López, animador deportivo deste concello

SECRETARIA: Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello

A Sra. presidenta declara constituído o Tribunal Cualificador co obxecto de redatar e preparar o exercicio do exame.

Ás 10:00 h da mañán procédese a realizar o exercicio da fase de oposición, tal e como consta na base sétima.

1º exercicio: Proba de avaliación de coñecementos. De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar por escrito, no tempo máximo de 45 minutos, un cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, con tres posibles respostas, sendo válida unha delas, relativas á historia e a xeografía, ao patrimonio integral (cultural e natural) e os servizos turísticos e complementarios existentes no ámbito territorial do Concello de Laxe e do xeodestino turístico da Costa da Morte.

Este exercicio é eliminatorio e valorarase ata un máximo de 30 puntos, sendo excluídos os aspirantes que non acaden un mínimo de 15 puntos. Cada pregunta correcta puntuarase con 1 punto, ecada pregunta incorrecta descontará 0,25 puntos.

Rematado o exercicio ás 10:30 h, o tribunal valora o mesmo sendo a puntuación acadada polos aspirantes presentados a seguinte:

APELIDOS E NOME	TOTAL
ANÍBARRO SÁNCHEZ, LUÍS	21,25
BAÑAL TEIJIDO, MARÍA LUZ	13,75
COLLAZO LEMA, ANA MARÍA	0
LEMA VIDAL, MARÍA JOSÉ	30

A continuación pasa a realizarse o segundo exercicio.

2º exercicio: Proba de coñecemento da Lingua Galega.

Ningún dos aspirantes ten que realizar esta proba, xa que acreditaon o coñecemento do idioma galego a través da presentación do título de Celga 3 ou equivalente.

O resultado final da fase de oposición é o seguinte:

APELIDOS E NOME	1º exercicio: proba avaliación coñecementos	2º exercicio: Proba Galego	PUNTUACIÓN TOTAL
ANÍBARRO SÁNCHEZ, LUÍS	21,25	Exento	21,25
BAÑAL TEIJIDO, MARÍA LUZ	13,75	Exenta	13,75
COLLAZO LEMA, ANA MARÍA	0	Exenta	0
LEMA VIDAL, MARÍA JOSÉ	30	Exenta	30

Na base **Oitava.- Relación de aprobados e proposta de nomeamento** establecece literalmente:

“1.- Rematada a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do concello a relación dos aspirantes aprobados por orde de puntuación total final para cada un dos programas, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor do/s aspirante/s que obtiveran a puntuación máis alta en cada un dos programas (o tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas).”

Polo que, a relación de aprobados é a seguinte:

APELIDOS E NOME	1º exercicio: proba avaliación coñecementos	2º exercicio: Proba Galego	PUNTUACIÓN TOTAL
LEMA VIDAL, MARÍA JOSÉ	30	Exenta	30
ANÍBARRO SÁNCHEZ, LUÍS	21,25	Exento	21,25

De conformidade co disposto na base oitava, o Tribunal acorda:

Primeiro: Propoñer ao sr. alcalde designar a **María José Lema Vidal** como informadora turística para a atención da oficina municipal de información turística durante dous meses, que non poderá superar a data de 30/09/2021.


Segundo: De acordo co establecido na Base 8.2, elaborar unha lista de reserva por orde decrecente de puntuación, composta por: Luís Aníbarro Sánchez.

Terceiro: Publicar a relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web municipal do Concello de Laxe www.concellodelaxe.com.

Cuarto: Elevar a presente acta ao Sr. alcalde.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Sra. presidenta que se redacte a presente acta que subscriben tódolos membros do Tribunal, sendo as 11:00 horas do día arriba sinalado, do que certifico.

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL



A SECRETARIA



OS VOGAIS

